

Claudia Castro: «A poesía é xogo, sensibilidade e beleza, pero non nos ensinan a lela»

No poemario infantil 'Seis leiras e un piano', a autora reivindica o rural, a natureza, a arte e as emocións. Castro desvela que a idea xurdiu case como un xogo, como palabras encadeadas. Falou este venres sobre o libro na librería Berbiriana xunto á xornalista Marta Villar

[Ana Carro](#)

A Coruña 15 de novembro de 2025

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2025/11/15/claudia-castro-poesia-xogo-sensibilidade-123741210.html>

Claudia Castro é capaz de emocionar, facer rir, entreter e ensinar a través dos seus poemas. *Seis leiras e un piano* é a demostración de que a poesía infantil existe, engancha e gusta. **«A poesía é xogo, esencia, beleza e sensibilidade. O problema é que non nos ensinan a lela.** Eu quero contribuir co meu gran de arena a ensinar a ler poesía», expón a autora, que presentou onte o seu sexto libro, con ilustracións de Laura Tova, en Berbiriana xunto á xornalista Marta Villar.

Recoñece que «non se pode ler un libro de narrativa igual que un de poesía», pois **«un poema hai que lelo varias veces e en voz alta»**. Na súa nova obra, segundo as palabras de Antonio García Teijeiro no epílogo, as súas creacións hai que «cantalas e acompañalas con xestos e palmas».

Castro conta que *Seis leiras e un piano* é «un libro especial» porque o proceso creativo foi «moi diferente» a outros traballos. «Nos anteriores, primeiro xurdiu o contido, as mensaxes, a historia, e despois a forma. Neste non. Pensei xogando cos meus fillos ás palabras encadeadas que podería ser interesante para a cativada os poemas encadeados», desvela, e sinala que «é moi bonito que os rapaces aprendan que coas palabras se poida xogar».

Para a escritora, hai unha parte importante de xogo. «É o poemario co que máis me divertín escribindo. Na casa, lía e pedíanme máis. Un levache ao outro», comenta, e asegura que «aínda que a poesía adoita ser para tomar en pequenas doses, aquí non: podes lelo dunha tirada». Este é tamén o seu libro «máis musical, con moito ritmo».

Pero este poemario vai máis alá da diversión. «Reivindica o rural. De aí nacen as seis leiras do título. Reivindica os valores do rural que se están perdendo como vivir en comunidade, esa colaboración entre a veciñanza», opina. Castro, que vive nunha aldea, agradece ter preto «unha asociación que fomenta esas reunións entre a veciñanza» nun mundo cunha «sociedade cada vez máis individualista».

O libro é tamén unha homenaxe á natureza e a arte, sexa cal sexa. «É unha ferramenta magnífica para o coidado da saúde mental», continúa a escritora. Por último, Seis leiras e un piano «reivindica as emocións, ollar o mundo desde o corazón e sen medo de ser xulgados». É unha auténtica lección de vida.